



MICROMACHISTA EU ???

CHARLA-CONTOS ARREDOR DA IGUALDADE



Contos-cantigas/ Ed. valores / Int-Ext
Idade: P. adulto / P. adolescente
Duración: 60 minutos

@Caxoto_
653 61 61 26
www.atrastendadoscontos.com


MICROMACHISTA EU???

(Charla-contos arredor da igualdade)

PÚBLICO	Público adulto / público adolescente
DURACIÓN	50 - 60 min
CATEGORÍAS	Contos-cantigas / Ed en valores/ Int-Ext /
SINOPSE	<p>Certa vez falando de igualdade para un grupo de persoas adultas un home indignado foise da xuntanza preguntándolle ao mundo unha e outra vez sen dar creto “micromachista eu?”... Esa é a reacción normal que temos cando alguén nos insinúa que podemos estar tendo unha actitude ou comportamento sexista. Poucas veces a persoa que se indigna sabe realmente identificar cales son estas actitudes ou comportamentos machistas.</p> <p>Nesta función Caxoto relátanos dende a súa comicidade habitual, a súa experiencia como narrador oral á hora de traballar a igualdade de xénero dende o escenario. Unha experiencia que reflexa a realidade da educación en xénero dentro das nosas escolas, das nosas familias, da nosa sociedade. Unha análise de quen somos e de onde vimos para trazar mellor unha meta á que chegar. A meta da igualdade real entre homes e mulleres.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica</p> <p>Conexión eléctrica</p> <p>Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto)</p> <p>Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



IMAXINARIO




Caxoto contaranos cal é a súa experiencia traballando arredor da igualdade ao longo de todos estes anos.



Contos con máis de 700 anos de historia, cantigas tradicionais, ... unha viaxe no tempo para saber de onde vimos.



Un espazo lúdico no que a partir do debate e o intercambio de experiencias e ideas medrar en comunidade



**A TRASTENDA
DOS CONTOS**

@caxoto_

653 61 61 26

caxoto@atrastendadoscontos.com

www.atrastendadoscontos.com

SOBRE CAXOTO

CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

